

NUMAX NA ESCOLA 2023/2024



EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

NUMAX na Escola renova a súa oferta de proxeccións educativas para os cursos de infantil e primaria cun catálogo repleto de obras de prestixio internacional adaptado aos currículos educativos vixentes e estruturado en base ás idades recomendadas de visionado.

- 📖 Cada sesión vai acompañada de **materiais didácticos** (unidades, actividades, making of) que faciliten o traballo na aula antes e despois da proxección.
- 🗣️ O día da sesión haberá unha **presentación en sala** a cargo de persoal especializado de NUMAX.
- 🕒 **Horario:** De **luns a venres** en sesión matinal, preferentemente de **10:00 a 12:00** horas.
- 💎 **Prezo:** **4€ por alumna/o**, a tarifa mínima do Cinema NUMAX.
- 👥 Estas condicións serán válidas para grupos mínimos de 40 estudantes.
- 📖 A **Librería NUMAX** tamén traballa con institucións e centros educativos. Conta connosco para realizar os teus **pedidos** de libros e DVD. Contáctanos escribindo ao correo electrónico libreria@numax.org



Incorporacións
ao catálogo
para o curso 2023/24



PEQUENOS HEROES

VV.AA., 60 min, VE

Sete relatos protagonizados por heroes cuxa misión é superar con valor e creatividade os retos do seu día a día.

👉 Tráballo en equipo / Respecto á diferenza / Crecemento




MIRONINS

Mikel Mas Bilbao / Txesco Montalt, 61 min, Español, VO

Tres pingas de pintura cobran vida nos cadros de Joan Miró para vivir divertidas e surrealistas aventuras.

🏆 Nomeada aos Goya / Premio Gaudí a mellor filme de animación
👉 Artes Plásticas / Joan Miró



O CARACOLE A BALEA

Max Lang / Daniel Snaddon, 57 min, VE

Con espírito inquieto e ganas de descubrir mundo, un pequeno caracol embárcase nunha viaxe, na cola dunha balea a través dos mares. Pero un día, a balea perde o rumbo e remata varada nunha afastada baía. Como vai facer o pequeno caracol para rescatala?

👉 Natureza salvaxe / Amizade



SUPERVERME

VV.AA., 55 min, VE

Animais do bosque, non temades, Superverme está aquí! Longo, forte e con habilidades que vos sorprendarán. Filme acompañado de catro pequenas historias sobre a amizade e o compañeirismo.

👉 Dos creadores de O Grúfalo e Zog
👉 Amizade / Aventuras



ZIBILA E O PODER DAS RAIAS

Isabelle Favez, 55 min, VE

Zibila é unha ceбра adoptada por unha familia de cabalos. No seu primeiro día de escola os seus compañeiros ríndela por ter raias, pero grazas a unha grande aventura ha recuperar a confianza.

👉 Natureza / Diversidade



O GRÚFALO

Jakob Schuh / Max Lang, 55 min, VE

Un ratiño pasea polo bosque cando se atopa cun raposo, un moucho e unha serpe tan fementos coma el. O ratiño declina os seus convites porque ten unha cita co grúfalo. Pero, que é un grúfalo?

🏆 Nomeado aos Oscar
👉 Natureza / Adaptación de Julia Donaldson / Aventuras



BILŁE JANET E OUTRAS CRÓNICAS MARCIANAS

VV.AA., 58 min, VE

Un programa sobre marcianos e naves espaciais que nos ensinan a traballar a tolerancia e a aceptación da diversidade.

👉 Tolerancia / Diversidade



NEVE E AS ÁRBORES MÁXICAS

VV.AA., 50 min, VE

Catro historias curtas protagonizadas por un neno perguiceiro, unha nena e a súa tea máxica, unha árbore que bota a andar e unha excursión interrompida por unha tormenta de Neve.

👉 Amizade / Diversidade



FRANZ E O DIRECTOR DE ORQUESTRA

Uzi e Lotta Geffenbald, 46 min, VE

Franz acompaña a seu pai, director de orquestra, a un campamento musical. Gustaríalle tocar un instrumento pero é moi pequeno. Aventuras, risas e bágoas uníranse arredor da música.

👉 Música / Compañeirismo




A VIAXE DE ERNEST E CELESTINE

Jean-Christophe Roger, Julien Cheng, 80 min, VE

Ernest e Celestine regresan a La Charabie para arranxar o seu fermoso violín, alí descubren que a música está prohibida desde hai anos e para eles vivir sen música é imposible.

👉 Música / Adaptación literaria




YUKU E A FLOR DO HIMALAIA

Arnaud Demuyne, Rémi Durin, 65 min, VE

A ratiña Yuku deixa a súa familia para ir á procura dunha flor que só medra nas montañas do Himalaia para ofrecerlle os seus poderes á súa avoa.

👉 Música / Fábulas



UNHA FAMILIA DE SUPERHEROES

Rasmus A. Sivertsen, 76 min, VE

Nin acróbata nin atlética, Hedvig é seguramente demasiado torpe para ser unha superheroína. Para poder seguir os pasos de seu pai, Super Lion, acepta o reto de convencer a súa escéptica contorna do contrario.

👉 Educación en igualdade



VALENTINA

Chelo Loureiro, 70 min, Galego, VO

Valentina soña con ser trapecionista e cre que por ser Down non poderá conseguilo, pero a súa avoa asegúralle que nada é imposible.

- 🏆 Goya a mellor filme de animación
- 👉 Diversidade / Superación persoal



HANNAH Y LOS MONSTRUOS

Lorena Ares, 80 min, VE

Hanna é unha cativa con paixón polos monstruos. Un día consegue viaxar á vila na que viven: Monsterville. Alí descobre que son seres que temen os humanos, con moitos medos e complexos.

- 👉 Educación en igualdade



O BOSQUE DE HAQUIVAQUI

Rasmus A. Sivertsen, 75 min, VE

Claus, un rato algo trasto, vive feliz no bosque de Haquivaqui sorteando con habilidade o raposo Marvin e outros depredadores. Xunto ao seu amigo Morten deciden redactar unha lei para solventar o problema.

- 🏆 Premio do Público El Meu Primer Festival
- 👉 Adaptación literaria / Imaxinación



ANIMALADAS DE CINEMA

VV.AA., 40 min, VE

Delirante adaptación de fábulas populares como *O corvo e o raposo* levadas á gran pantalla con sentido do humor e enxeño.

- 👉 Actualización de fábulas clásicas



A GALIÑA TURULECA

E. Gondell / V. Monigote, 80 min, Galego, VG

Turuleca é unha galiña singular. O seu peculiar aspecto e a súa imposibilidade para poñer ovos desata as burlas do resto do galiñeiro. Un día descobre o seu gran talento oculto: Turu non só pode falar, senón que canta como xamais se oi cantar a unha galiña!

- 👉 Música / Solidariedade



GORDON & PADDY

Linda Hambäck, 62 min, VE

O xefe de policía do bosque Gordon está a piques de retirarse e ten que atopar un substituto. Paddy, unha intelixente ratiña, semella ser a candidata axeitada.

- 👉 Amizade interxeracional / Intercambio de coñecementos




OPERACIÓN PAPÁ NOEL

VV.AA., 56 min., VE

Un programa de curtametraxes cargado de aventuras sorprendentes, emocións e moita, moita neve! Ideal para gozar do tempo invernal e celebrar o Nadal.

- 👉 Nadal / Amizade



VAINILLA

VV. AA., 58 min, VE

Vainilla chega á Illa de Guadalupe para pasar as vacacións coa súa tía. Ao principio rexeita todo o relacionado coa illa, pero pouco a pouco irá entrando nunha aventura chea de personaxes pintorescos e elementos máxicos.

- 👉 Diversidade cultural / Aventuras



O PEQUENO NICOLÁS

Amandine Fredon, Benjamin Massoubre, 82 min, VE

Debruzados sobre un gran folio en branco nalgún lugar entre Montmartre e Saint-Germain-des-Prés, Sempé e Goscinny (creador de Asterix) dan vida a O pequeno Nicolás, un neno ledo e falcatruero.

- 👉 Adaptación literaria / Xogo



A ILLA DAS AVES

VV.AA., 55 min, VE

Un convite a conversar coa natureza desde a mirada curiosa de tres nenas que senten o impulso de desafiar os seus medos para achegarse ao descoñecido e aprender.

- 👉 Natureza / Educación en igualdade



A BELEZA DA VIDA

VV.AA., 83 min, VE

Unha viaxe ao pasado e o presente de China a través dunha deliciosa obra coral composta por sete historias de animación con entrañables protagonistas.

- 👉 Vida rural / Diversidade cultural



A BARCA DO TEMPO

VV.AA., 52 min, VE

Un canto á diversidade estética e unha viaxe a diferentes paisaxes físicas e emocionais que nos fan apreciar a grandeza da natureza e a necesidade de vivir en concordia.

- 👉 Tolerancia / Natureza



OINK OINK

Mascha Halberstad, 72 min, VE

Cando Babs, unha nena de 9 anos, recibe a un porquiño chamado Oink como agasallo do seu avó, convence a seus pais de quedar con el coa condición de que siga un adestramento para cachorros.

👉 Amor polos animais / Vida rural



DUNIA E OUTROS CONTOS DO MUNDO

VV.AA., 58 min, VE

Dunia é unha cativa de seis anos á que lle gusta moito xogar, aprender e descubrir novas historias. Vive co seu avó en Alepo, ata que un día se ve obrigada a deixar o seu país por culpa da guerra. Todos xuntos iniciarán unha grande aventura na procura dun novo fogar.

👉 Conflitos bélicos / Multiculturalidade



TITINA

Kajsa Næss, 90 min, VE / VOSE

Recuperamos a historia real da expedición en dirixible cara ao Polo Norte emprendida polo explorador noruegués Roald Amundsen, o aviador italiano Umberto Nobile e a cadela Titina.

👉 Aventuras / Ciencia



MOMIAS

Juan Jesús García Galocha, 88 min, VE

Por mandato imperial, a Princesa Nefer debe casar con Thut, un ex auriga de carros. Ningún desexa o matrimonio; Nefer porque ansía a liberdade e Thut porque é alérxico ao matrimonio. Pero os designios dos deuses son irrevogables.

👉 Antigo Exipto



A VIDA DE CABACIÑO

Claude Barras, 66 min, Francés, VOSE

O filme de animación máis premiado dos últimos tempos conta a historia dun neno que, tras quedar orfo, entra nun fogar de acollida. Malia a difícil adaptación, fará grandes amizades.

🏆 Mellor Filme Animación Premios César

👉 Compañeirismo / Amizade / Superación da perda



A REBELIÓN DOS CONTOS

VV.AA., 58 min, Inglés, VOSE/VE

Adaptación moderna e politicamente incorrecta do *best-seller* de Roald Dahl.

🏆 Nomeado aos Oscar

👉 Adaptación satírica



O MEU VECIÑO TOTORO

Hayao Miyazaki, 86 min, Xaponés, VOSE

Volve a maxia de Totoro, o filme que deu a coñecer a Hayao Miyazaki. Satsuki e Mei son dúas irmás que van vivir ao campo e entran en contacto co espírito do bosque.

👉 Fantasía / Anime / Natureza



O PRINCIÑO

Mark Osborne, 2015, 106', Francés/Inglés, VOSG

Fantástica aproximación ao clásico de Saint-Exupéry. Unha obra visualmente asombrosa que mestura con mestría animación 3D e a artesanal técnica do stop-motion.

🏆 Mellor Filme Premios Annie / Sección Oficial Cannes

👉 Espírito de superación / Autocoñecemento / O valor das pequenas cousas



A VIAXE DE CHIHIRO

Hayao Miyazaki, 124 min, Xaponés, VOSE

Chihiro é unha nena que viaxa en coche cos seus pais. Logo de atravesar un túnel chegan a un mundo fantástico, no que só hai lugar para os deuses de primeira e segunda clase.

🏆 Oscar Mellor Filme Animación

👉 Obra mestra da animación mundial / A imaxinación ao poder



BARBIE

Greta Gerwig, 114', VE / VOSE

Con Margot Robbie, Ryan Gosling

A pesar de vivir nun mundo colorido e ideal, Barbie faise moitas preguntas. Ao descubrir que é quen de apoiar os talóns no chan a célebre boneca decide calzar zapatos sen tacóns e viaxa con Ken ao mundo real.

👉 Sátira / Feminismo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9, baixo
Santiago de Compostela
T. 981 560 250 | www.numax.org
escola@numax.org

🌐 numax.org/na-escola

✉ escola@numax.org

☎ 663 975 767 (Xan Gómez Viñas)

